

CARREIRA PROFESIONAL E AXILIZACIÓN DOS CONCURSOS E OPES, LOGO SI QUEREN, FALAMOS DO PLAN ESTRATÉXICO

Santiago de Compostela 29/09/2025

UGT quere trasladar a sorpresa coa que nos atopamos o pasado sábado 28 en **La Voz de Galicia** na que en dúas páxinas sobre emprego público da **Administración xeral da Xunta de Galicia**, anunciábase a elaboración dun **Plan estratéxico de Recursos Humanos** para reformar o sistema de acceso e veremos cantas outras cousas.

Asunto curioso é por certo que **nada cita**, o mencionado artigo, ao respecto dos **concursos de traslados normalizados de forma aberta e permanente**, nin da **promoción interna real e efectiva**, ambas materias **pendentes comprometidas** e que causan un grave prexuízo e desmotivación no persoal empregado público.

O outro **titular**, do citado medio, refería ao respecto da “**negociación aberta para evaluar el rendimiento de 20.000 funcionarios**”, engadindo que Xunta e sindicatos están pendentes de retomar o **diálogo aprazado**, no pasado mes de xullo, ata **setembro** por acordo da Xunta cos sindicatos sobre a proposta realizada pola Administración sobre a carreira profesional.

Na **Comisión de Persoal** do pasado 27 de setembro de 2025, **preguntouse** á DXEPAP pola **Carreira profesional**, a **resposta** foi que están **valorando as alegacións** presentadas na primeira quincena de setembro para convocar reunión. **Non se deu data de reunión**.

A realidade é que **entramos** no mes de **outubro** e **afirmamos** que **UGT**, **non acordou** nin **solicitou** **todo o mes de setembro** para **facer alegacións** a **carreira ordinaria**. A realidade é que **UGT** **está** é moi **preocupada** polo **retraso** da **negociación** de **carreira extraordinaria** dos **graos III, II e I**, **segundo corresponda**.

A realidade é que **ata** o **mes de xullo**, **non parecía** que **tivésemos** que **preocuparnos** pola **retroactividade** a **1 de xaneiro de 2025**, **pero entrando** xa no **mes de outubro** e **coa negociación** por **facer**, xa **estamos preocupados**, **non queremos pensar** que a **demora** poida **levarnos** o **ano 2026** xa que **quedaríamos** sen **ningún incremento salarial** en **2025**, e a **maiores** as **contías recortadas** pola **perda** que **suporá** a **declaración tributaria complementaria**.

Pero, todos tranquilos porque segundo se pode concluír do citado artigo periodístico, vanse resolver os grandes retos do emprego público galego, a modernización dos procesos selectivos, a profesionalización e a avaliación do desempeño, en cuestión de breves negociacións, tranquilidade e que non cunda o pánico.

Ante todo isto, trasladamos que o **reto** para **UGT** é que se **cumpra** o **acordado** e se **abone** a **carreira extraordinaria** en **2025** no **grao** que **corresponda** e se **axilice** dunha vez por todas a **xestión** dos **concursos** e dos **procesos selectivos** con **tomas de posesión coordinadas**.

E así, **dar paso** a **normalización dos concursos**, que **deixen de ser excepcionais** e a **normalización do acceso** para **rematar** coa **temporalidade**, dous grandes males desta administración. Logo, si **queren** **facemos diálogo** co **Plan estratéxico**.